

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 19 DE XUÑO DE 2015.

ASISTENTES		GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	Dª Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:		
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP	
Dª María Jesús Sineiro Vidal.	PP	
D. Vicente Búa Martínez.	PP	
D. Alejo Vidal Moreno.	PP	
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP	
Dª Ana Isabel Doval Fraíz.	PS de G -PSOE	
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE	
D. José Manuel Alvarez Sanmartín	PS de G -PSOE	
Dª María Abilleira Pomar.	F.F	
D Roberto Jorge Correa.	BNG	
SECRETARIA:	Dª. Mª Elena Sueiro Fernández.	
AUSENTE, previa excusa:		

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declarárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa resúmese o contido da proposta da Alcadía posta a disposición de todos os concelleiros que textualmente di:

"De acordo co artigo 46 da Lei 7/1985 de 2 de abril de base do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos municipios de ata 5000 habitantes, sendo que o artigo 810.2 da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece que o pleno celebrará*sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses .

Esta Alcadía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

PRIMEIRO.-O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, ó terceiro xoves de cada mes par (febreiro, abril, xuño, outubro e decembro), ás 12:00 horas, sendo que no mes de agosto celebrarse a derradeiro venres do mes. Se dito día fose festivo a sesión celebrarase o xoves anterior.

SEGUNDO.-Consonte co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o vindeiro 28 de agosto de 2015."

Aberta a quenda de intervencións, por parte de Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, expón que o seu grupo, igual que no 2012, vai votar en contra, xa que considera que é necesario conciliar a vida laboral e política, e hai moitos concelleiros/as que traballan pola mañá.


Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F., manifesta que o grupo mixto está de acordo co exposto polo PSdeG-PSOE en canto ó horario, e engade que no referente ó primeiro pleno ordinario de agosto, podería trasladarse a xullo ou a setembro, ó ser agosto un mes vacacional.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cinco (5), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG
- Abstencións: ningunha

En Forcarei a dezanove de xuño de 2015, venres, sendo as doce horas dez minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.



Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.-O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, ó terceiro xoves de cada mes par (febreiro, abril, xuño, outubro e decembro), ás 12:00 horas, sendo que no mes de agosto celebrarse o derradeiro venres do mes. Se dito día fose festivo a sesión celebrarase o xoves anterior.

SEGUNDO.-Consonte co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o vindeiro 28 de agosto de 2015."

2.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA MESMA.

A Sra. Alcaldesa explica a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

"Ó abeiro do disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local e 35.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos se así o dispón o seu regulamento orgánico ou o acorda o Pleno.

Consonte ó disposto no artigo 22.4 da Lei Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, o Pleno pode delegar o exercicio de súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p), e no número 3 do devandito artigo.

Cómpre pois crear a Xunta de Goberno Local e delegar na mesma competencias.

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

Propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

-PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno local no Concello de Forcarei, cos membros e periodicidade que se designen na correspondente Resolución da Alcaldía, da que se dará conta no seguinte Pleno.

-SEGUNDO.- Declarar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

m) A concertación das operacións de créditos con unha contía acumulada dentro de cada exercicio económico excede dos 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto -salvo as de tesourería, as que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas, en cada momento, supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior – todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

n) Parágrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2º da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público, actualmente DA 2º do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sectro público, que indica:

«2. Corresponde ó Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.»

O parágrafo primeiro indica:

«1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do presupuesto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.»

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando áinda non estean previstos nos Presupostos.

o) Parágrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2º da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público, actualmente DA 2º do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sectro público, que indica:

«Así mesmo corresponde o Pleno a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmóbiles y dereitos suxeitos á legislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando no estean atribuídas o Alcalde ou o Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o su valor.»

O parágrafo primeiro indica:

«Así mesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de



concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nín a contía indicados.»

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ó presente acordo.

-TERCEIRO.-Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, intervén para indicar que o seu grupo pensa que con esta proposta de delegación de competencias na práctica se valeira ó pleno de contido, e que redunda en contra da participación política.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do Grupo Mixto, expón que lle gustaría participar para estar informados para poder informar ós veciños. Solicita que as copias das actas se lle faciliten por correo electrónico.

A Sra. Alcaldesa di que terán coñecemento todos os concelleiros dos asuntos tratados na XGL, pero que eso non implica que teñan que estar presentes nas xuntas; engade que o grupo de goberno xa informa ós veciños.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cinco (5), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG
- Abstencións: ningunha

Queda aprobado por maioria absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

-PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno local no Concello de Forcarei, cos membros e periodicidade que se designen na correspondente Resolución da Alcaldía, da que se dará conta no seguinte Pleno.

-SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

m) A concertación das operacións de créditos con unha contía acumulada dentro de cada exercicio económico excede dos 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto -salvo as de tesourería, as que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas, en cada momento, supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior – todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

n) Parágrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público, actualmente DA 2ª do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sectro público, que indica:

«2. Corresponde ó Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.»

O parágrafo primeiro indica:

«1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do presupuesto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.»

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando áinda non estean previstos nos Presupostos.

o) Parágrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público, actualmente DA 2ª do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sectro público, que indica:

«Así mesmo corresponde o Pleno a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles y dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando no estean atribuídas o Alcalde ou o Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o su valor.»

O parágrafo primeiro indica:

«Así mesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á



lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presupuesto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.”

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ó presente acordo.

-TERCEIRO.-Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

3.- CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

A Sra. Alcaldesa explica a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

“Considerando que consonte ó disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, a Lei 57/2003 de 16 de decembro, e 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno.

Considerando que consonte ó estipulado nos artigos 20. 1 e), e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos.

Na súa virtude, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Constituí-la Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obligatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudio e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que estará composta acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

- P.P: catro (4) membros, incluída a Alcaldesa
- PSdeG-PSOE: dous (2) membros
- GRUPO MIXTO: un (1) membro

Será Presidente nato a Sra. Alcaldesa, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión Informativa, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.-As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderán asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarse mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido á Alcaldesa, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un supleante para cada titular.”

Aberta a quenda de intervencións Dna. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, avisa que ó seu grupo gustaría que, dado que estamos sometidos a un plan de axuste, a Comisión de Cofres sexa tamén comisión de facenda, para que a oposición poida tamén estudar os informes de morosidade as execucións trimestrais...e o resto de información económica.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do Grupo Mixto sinala que lles gustaría que se crease algúna comisión máis, por exemplo a comisión do agro, xa que é parte vital deste Concello, e considera que nos vinteiros anos o agro vai ter necesidades de axuda non só do grupo de goberno, senón de todo o Concello para que todos podamos defender os nosos gandeiros e agricultores, xa que logo estima que se avecinan uns anos moi problemáticos no sector. Entende tamén necesaria a creación dunha comisión de suixerencias e reclamacións, porque é bo para a transparencia do Concello, e entende que é importante a participación cidadá e que o salón de plenos se encha de veciños.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, aclara que o seu grupo fai unha proposta continuista do anterior porque funcionou ben e as comisiones informativas entorpecen o funcionamiento do Concello; considera que si os plenos teñen que durar dúas horas para debatir todos os asuntos, pois durarán dúas horas, e as portas do salón de plenos sempre están abertas a todos os veciños. O seu grupo nunca tivo problema en debater ca xente.

Dna. Ana Doval, voceira do PSdeG-PSOE quere que conste en acta que o concelleiro dixo que as comisiones informativas “entorpecen o funcionamiento do concello”.

A Sra. Alcaldesa respoita ás intervencións dos grupos sinalando que o concello non está sometido a ningún plan de axuste, que o plan de axuste aprobado no 2012 está xa cancelado. De crear algúna comisión máis o grupo de goberno houbera proposto a comisión de servizos sociais, ó cal o Sr.concellero do BNG di que aceptan a súa creación; pero a Sra. Alcaldesa di que non se crean máis comisiones porque cada comisión xera uns gastos periódicos de cartos públicos. Dna. Ana Doval, voceira do PSdeG-PSOE sinala que xa no 2012 o seu grupo propuxo asistir de xeito gratuito, sen dietas por asistencias. A Sra. Alcaldesa reitera que todos os asuntos se traen ó pleno e poden debaterse nel, e que



en calquera momento a oposición pode reunirse co grupo de goberno para debater asuntos.

O Sr. Concelleiro do BNG, D. Roberto Jorge Correa, pregunta cal é a forma legal de facelo.

O Sr. Voceiro do PP, D. Vicente Búa, indica que as portas sempre están abertas para os veciños.

Dna. María Abelleira Pomar, concelleira de F.F, sinala que as funcións dunha comisión informativa son para o estudo e informe dos asuntos que vai debater o pleno, isto é, para poder acceder e estudar esa información con anterioridade ó pleno. Considera necesaria a creación polo menos das comisións informativas de urbanismo e servizos sociais, para seguir co talante aberto das lexislaturas anteriores ó 2011.

A Sra. Alcaldesa reitera que non van crear máis comisións informativas i entran nun debate, do que Dna. María Abelleira Pomar quere que conste en acta que a Sra. Alcaldesa dixo que "lamenta que non tiveses mellores resultados nas eleccións", xa que o considera unha alusión persoal.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cinco (5), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG
- Abstencións: ningunha

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

"PRIMEIRO. Constituí-la Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obligatoria, a quien lle corresponderá o exame, o estudio e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que estará composta acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

- P.P: catro (4) membros, incluída a Alcaldesa
- PSdeG-PSOE: dous (2) membros
- GRUPO MIXTO: un (1) membro

Será Presidente nato a Sra. Alcaldesa, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión Informativa, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.-As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderanse asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido á Alcaldesa, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular."

4.- CREACIÓN DA COMISIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS

A Sra. Alcaldesa explica a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

«Nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, e no artigo 59.2.d) da Lei 5/97, de 22 de xullo, Administración Local de Galicia, indica que a existencia de órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno, sen atribucións resolutorias, así como o seguimento da xestión do Alcalde, Comisión de Goberno e Concelleiros que ostenten delegacións, corresponde aos Concellos con máis de 5.000 habitantes. Sen embargo tamén recóllese a posibilidade de que nos Concellos de menos de 5.000 habitantes, previo acordo do Pleno da Corporación, poderán existir órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno, sen atribucións resolutorias, así como o seguimento da xestión do Alcalde, Comisión de Goberno e Concelleiros que ostenten delegacións, tendo tódolos grupos políticos integrantes da Corporación dereito a participar mediante a presenza de Concelleiros pertencentes ós mesmos. Neste Concello existe o Regulamento de Honores e Distincións na que está prevista a existencia da Comisión Especial de Honores e Distincións.

O artigo 124 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, recolle que as Comisións informativas permanentes, constitúense con carácter xeral distribuindo entre elas as materias que se someterán ó Pleno. O seu número e denominación iniciais decidirase mediante acordo do Pleno da Corporación a proposta do Alcalde procurando, no posible, a súa correspondencia có número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos corporativos.

O artigo 125 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, sinala que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta que o Alcalde é o Presidente nato de todas elas, podendo delega-la en calquera membro da Corporación a proposta da propia Comisión, tras a elección efectuada no seu seo. A adscrición concreta a cada Comisión, dos membros da Corporación e os seus respectivos suplentes, en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo, dirixido ó Alcalde, debéndose dar conta ó Pleno.



En virtude do exposto, PROPONSE ó Pleno a creación da seguinte Comisión de Estudio, Informe ou Consulta, de carácter permanente:

Primeiro.- A creación da **COMISIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS**, prevista no artigo 124 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Segundo.- Correspónelle a la Comisión de Honores e Distincións o exame, estudio e informe das propostas de honores e distincións previstas no Regulamento Municipal en vigor.

Terceiro.- Esta Comisión estará constituída por sete (7) membros, (incluído o Presidente), gardando a proporcionalidade existente nos Grupos Políticos da Corporación, de tal xeito que o Grupo Municipal do Partido Popular que ten seis membros, estea representado por catro membros, sendo presidenta a Alcaldesa, o Grupo Municipal do Partido dos Socialista de Galicia PSOE, que ten tres membros, estea representado por dous membros, e o Grupo Mixto que ten dous membros, estea representado por un vocal. As propostas de adscrición á Comisións deberán presentarse no Rrexistro Xeral do Concello mediante escrito asinado polo voceiro do respectivo Grupo Político, debendo nomear os vocais titulares e suplentes que as integren.»

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, reclama que na Comisión de Honores, igual que antes do 2012, se poña tamén o apartado de cultura. Non cree que as comisións informativas entorpezan o funcionamento do concello, xa que as recolle a lexislación de réxime local para o funcionamento da corporación dando unha maior participación; reitera que si é polo tema económico o seu grupo está disposto a asistir de xeito gratuito a todas as comisións.

A Sr. Alcaldesa indica que houbo hai anos máis comisións informativas, pero que non lle consta que os partidos da oposición aportasen nada ás mesmas, nin tan sequera que informasen algo de xeito favorable, ó que Dna. Ana Isabel Doval Fraiz respostra que si que participaban e aportaban ideas.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, pregunta cal é o criterio para crear a comisión de honores e distincións e non crear a de servizos sociais. A Sra. Alcaldesa respostra que polo regulamento de honores e distincións que sinala que dita comisión ten que existir.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cinco (5), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG
- Abstencións: ningunha

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

“Primeiro.- A creación da COMISIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS, prevista no artigo 124 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Segundo.- Correspónelle a la Comisión de Honores e Distincións o exame, estudio e informe das propostas de honores e distincións previstas no Regulamento Municipal en vigor.

Terceiro.- Esta Comisión estará constituída por sete (7) membros, (incluído o Presidente), gardando a proporcionalidade existente nos Grupos Políticos da Corporación, de tal xeito que o Grupo Municipal do Partido Popular que ten seis membros, estea representado por catro membros, sendo presidenta a Alcaldesa, o Grupo Municipal do Partido dos Socialista de Galicia PSOE, que ten tres membros, estea representado por dous membros, e o Grupo Mixto que ten dous membros, estea representado por un vocal. As propostas de adscrición á Comisións deberán presentarse no Rrexistro Xeral do Concello mediante escrito asinado polo voceiro do respectivo Grupo Político, debendo nomear os vocais titulares e suplentes que as integren.”

5.- APROBACIÓN DA ADICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDÍA

A Sra. Alcaldesa explica a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

“Ó abeiro da habilitación que se recolle nos artigos 74 e 75 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime local, e demáis lexislación concordante propoño ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO- Aproba-la adicación, con carácter exclusivo, da Alcaldía -Presidencia ás tarefas municipais do Concello de Forcarei.

SEGUNDO - Aproba-las retribucións da Sra. Alcaldesa que serán de cuarenta mil 40.000,00 €/ano brutos, repartidos en catorce pagas, debéndo o Concello abona-las cotas da Seguridade Social e os dereitos pasivos correspondentes, agás a antigüidade. A dita retribución será aplicable a súa aprobación polo pleno e aceptación pola interesada.

Ditas retribucións terán o incremento anual que se recolla na Lei de Presupostos Xerais do Estado para



as retribucións dos funcionarios ó servicios da Administración Pública.

TERCEIRO.- Dar conta a Intervención para que adopte as medidas oportunas e realice as necesarias modificacións no orzamento.

CUARTO.- Publicar este acordo no BOP a efectos de alegacións, transcorridos os cales, se non se presentasen se entenderá aprobado definitivamente.”

Aberta quenda de intervencións, Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, indica que o seu grupo vai votar en contra. Expón que en catro anos o orzamento baixou máis dun 15%, a poboación nun 12% e o salario da Alcaldesa só baixa nun 7,5%, e por que así o di a lei, non por outra causa. Engade que o único que se axusta neste concello é o gasto.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, sinala que se podería baixar o soldo da Alcaldesa, xa que está no tope dos 40.000,00 €. A Sra. Alcaldesa replicalle que F.F quería baixar o soldo ó 50%, polo que si resultase elixida sería unha Alcaldesa moi barata. Dna. María Abilleira solicita quenda de réplica, denegándollo a Sra. Alcaldesa, ó que a concelleira de F.F replica que sí ten dereito, porque se trata dunha alusión persoal.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, toma a palabra para indicar que o soldo que contén a proposta da Alcaldía se trata dun soldo xusto, e que xa está rebaixado dúas veces en relación co anterior Alcalde. Engade que a Sra. Alcaldesa traballa ó 100% por Forcarei, e non gasta nin un só euro en gastos de representación.

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz intervén para sinalar que a Alcaldesa sí ten gastos de representación, no pasará dietas, pero usa o coche do concello, ten teléfono do concello, secretaria persoal...(entran as dúas nun debate sobre o tema).

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: catro (4), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE e F.F
- Abstencións: unha (1), Sr. Concelleiro do BNG

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

“PRIMEIRO- Aproba-la adicación, con carácter exclusivo, da Alcaldía -Presidencia ás tarefas municipais do Concello de Forcarei.

SEGUNDO - Aproba-las retribucións da Sra. Alcaldesa que serán de cuarenta mil 40.000,00 €/ano brutos, repartidos en catorce pagas, debéndo o Concello abona-las cotas da Seguridade Social e os dereitos pasivos correspondentes, agás a antigüidade. A dita retribución será aplicable a súa aprobación polo pleno e aceptación pola interesada.

Ditas retribucións terán o incremento anual que se recolla na Lei de Presupostos Xerais do Estado para as retribucións dos funcionarios ó servicios da Administración Pública.

TERCEIRO.- Dar conta a Intervención para que adopte as medidas oportunas e realice as necesarias modificacións no orzamento.

CUARTO.- Publicar este acordo no BOP a efectos de alegacións, transcorridos os cales, se non se presentasen se entenderá aprobado definitivamente.”


6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL EN ÓRGANOS COLEXIADOS

A Sra. Alcaldesa explica a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

“Por esta Alcaldía, segundo o disposto nos artigos 46.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986 do 28 de novembro (R.O.F.) e no artigo 210.2.a) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, propúse ó Pleno o nomeamento dos seguintes Concelleiros como representantes do Concello de Forcarei nos órganos colexiados nos que debe estar representado este Concello:

Órgano	Concelleiro
Consello Escolar do C.E.I.P. de Soutelo de Montes.	M ^a Jesús Sineiro Vidal
Consello Escolar do C.E.I.P.	M ^a Jesús Sineiro Vidal
“Nosa S ^a dos Dolores” de Forcarei	
Consello Escolar do I.E.S. “Chano Piñeiro” de Forcarei	M ^a Jesús Sineiro Vidal

Non se realizan intervencións.



Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/Sras Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cero (0)
- Abstencións: cinco (5), Sres/Sras Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

"Nomear os seguintes Concelleiros/as como representantes do Concello de Forcarei nos órganos colexiados nos que debe estar representado este Concello:

Organo	Concelleiro
Consello Escolar do C.E.I.P. de Soutelo de Montes.	M ^a Jesús Sineiro Vidal
Consello Escolar do C.E.I.P. "Nosa S ^a dos Dolores" de Forcarei	M ^a Jesús Sineiro Vidal
Consello Escolar do I.E.S. "Chano Piñeiro" de Forcarei	M ^a Jesús Sineiro Vidal

7.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO POLO QUE SE ASIGNA A DENOMINACIÓN "SOUTELO DE MONTES" A UNHA RÚA DO CONCELLO DE MADRID.

A Sra. Alcaldesa explica que ca finalidade de manter informado ó pleno trae este punto na orde do día, tan só para que teñan coñecemento de que o Concello de Madrid asignou ca denominación "Soutelo de Montes" a unha rúa localizada no Distrito Villa de Vallecas.

8.- DACIÓN DE CONTA, Ó PLENO, O INFORME DE SECRETARÍA- INTERVENCIÓN, DE DATA 20/05/2015, SOBRE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014, E NECESIDADE DA APROBACIÓN DUN P.E.F.

Por parte da Alcaldía exponse que a Secretaría Interventora, con ocasión do envío da liquidación do orzamento do 2014 na plataforma virtual habilitada ó efecto na Oficina virtual para a coordinación financeira cas entidades locais, non puido introducir os datos tal e como foran enviados co 4º trimestre de execución orzamentaria do 2014, envío que serviu de base para a liquidación. Por ese motivo Secretaría Intervención emitiu un informe en data 20 de maio, que é o que se trae ó pleno para o seu coñecemento:

"INFORME

DE: Intervención Municipal. Data 20 de maio de 2014.

A: Alcalde-Presidente

ASUNTO: Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto na liquidación do orzamento 2014.

MOTIVO: remisión de datos da liquidación ó MEH a través da plataforma da oficina virtual de coordinación financeira cas entidades locais.

ANTECEDENTES.

1º. Aprobación da liquidación do orzamento de 2014 por decreto de 30 de xaneiro de 2015.

2º. Dada conta ó pleno ordinario de data 19 de febreiro de 2015.


3º. Introdución de datos para envío ó MEH antes do 22 de maio.

1.NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL.

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.
- Orden Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF (OM).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao Príncipio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).

Outra documentación de interese:

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.



- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para Corporacións Locais. IGAE.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigas de subministro de información, na súa versión OIb de fecha 21/12/2012.

2. OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Así, o Consello de Ministros con data 20 de xullo de 2012, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais no trienio 2013-2015, o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para fazer frente aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume de débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento —amortizacións) debe ser cero.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a presupuesto obtense por diferencia entre os importes presupostados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

3. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira ("Corporacións Locais" en Contabilidade Nacional): Concello de Xermade.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95): Ningunha

4. DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, EQUIVALENCIA EN TERMOS DE ORZAMENTOS E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.


Con carácter xeral a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da sua reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos de recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferencias veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe, axustes contidos no Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.

Verificación do cumprimento

Por parte de esta Secretaría Intervención pártese da liquidación do 2014 aprobada, e dos datos de estabilidade e regra do gasto que se extraen do envío do orzamento 2014 e do envío do 4º trimestre de执行óns trimestrais remitido ó MEH, que foi o que se xuntou á liquidación como informe de estabilidade e regra de gasto.

Segundo el artigo 15 do Regulamento, "se entenderá cumplido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados....de los sujetos incluidos en el artículo 4.1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales".

Sentado o anterior, xenericamente, poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é igual ou positivo se estará en "estabilidade" pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a remisión do dito informe. Pero ademais, tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, pois o art. 16.2 (terceiro parágrafo) do regulamento indica que ".....detallará los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos



presupuestarios, en términos de contabilidad nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)".

Así pois aplicando a PRIMEIRA FÓRMULA (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos) tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas, en términos netos, durante o exercicio 2014, sendo a situación do Concello de Forcarei a seguinte:

Cap	Denominación	DR	Cap	Denominación	OR
1	Impostos directos	797.311,60	1	Gastos persoal	808.821,17
2	Impostos indirectos	22.747,17	2	Gastos correntes bens e servizos	996.799,20
3	Taxas e outros ingresos	256.725,67	3	Gastos financeiros	6.068,86
4	Transf. correntes	1.179.312,29	4	Transf.correntes	28.581,65
5	Ingresos patrimoniais	24.440,45			
			6	Inversións reais	650.242,94
7	Transf. de capital	420.222,98			
		2.700.760,16			2.460.513,82
Capacidade/necesidade de financiamento					240.246,34

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95), deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Xermade serían os seguintes:

1.- AXUSTES no ESTADO DE INGRESOS.-

A) Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de ingresos- Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 y 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, esto é, o axuste ven determinado pola diferencia entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo diminuíndo o déficit. O importe total recadado do Concello durante o exercicio 2014 ascendía a 1.034.652,45 € en corrente e 25.772,22 € en pechados, lo que suma un total de 1.060.424,67 €. Os dereitos recoñecidos nestes capítulos ascendían a un total de 1.076.784,44 €, polo que habrá que axustar á baixa o importe en -16.359,77 €.

	Recad. correntes	Recad. Pechados	DRN
Capítulo 1	765.133,27	18.996,96	797.311,60 -13.181,37
Capítulo 2	22.747,17	0	22.747,17 0
Capítulo 3	246.772,01	6.775,26	246.772,01 -3.178,40

Este axuste non aparecía na execución trimestral do 4º T do 2014, considerando esta secretaría Intervención que por un criterio de prudencia debe introducirse para non realizar modificacións de crédito para gastos financeiramente sostible por riba da capacidade de financiamento do concello.



B) Participación nos tributos do Estado e Fondo de Cooperación Local.- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2014. As diferencias poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquellas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2013 por desconecemento dos datos a 31/12/13, ou ben en senso contrario axustaremos á baixa polos dereitos recoñecidos correspondentes ó 2014, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/14.

Respecto da participación nos tributos do estado e o FCL, en 2014 únicamente se recoñeceron as cantidades correspondentes aos doce meses do exercicio, polo que non hai que facer axustes. Axústanse os importes por devolución participación tributos estado 2008-2009 nos datos introducidos para o orzamento 2014, considerando esta Secretaría Intervención que non se deben introducir agora por non estar nin contabilizadas as devolucións nin presupostadas. Vale tamén o motivo sinalado no punto anterior.

C) Transferencias correntes e de capital.- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade. Para este Concello, a aplicación práctica deste axuste concretase para as distintas subvencións que recibe, no importe resultante de sumar ós dereitos recoñecidos en 2014, o ingresado por dereitos recoñecidos de orzamentos pechados que tiveron

recoñecemento de pago polo pagador neste exercicio, e axustar á baixa todos aqueles dereitos recoñecidos pendentes de cobro que a 31 de decembro de 2014 todavía estaban pendentes de recoñecemento polo pagador. Estas diferencias afloran debido a que o dereito recoñecido por subvencións contabilizase no momento en que o Concello cumple os requisitos esixidos para poder xerar dereito ó cobro da mesma, podendo ocorrer que o ente pagador tras recibir a xustificación recoñeza a obrigación en exercicio distinto. Este axuste poderíase evitar se os entes pagadores subministraran ó Concello a información sobre os importes contabilizados polos mesmos como transferencias dadas, cando na práctica non é habitual que subministren esta información, debendo a Intervención recadar a mesma, ben a través de consultas telefónicas, ou ben partindo da comunicación inicial de concesión da subvención na que se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ó orzamento da concesión.

Non se realiza este axuste.

D)Capítulo 5 de Ingresos.

Os intereses se rexistran segundo o criterio de devengo.

2.- AXUSTES no ESTADO DE GASTOS.- No estado de gastos **NON** é necesario realizar ningún tipo de axuste

Axustes a realizar (os más comúns)

Capítulo 2.- Cómpre excluir os gastos nas cotas de leasing que para a contabilidade nacional son intereses e gastos financeiros. Non houbo.

Capítulo 3.- Os intereses se rexistran segundo o criterio do devengo. Non houbo.

Capítulo 6.- As operacións de leasing implican contabilizar polo principal unha adquisición de activo non financeiro. Non houbo.

OUTROS AXUSTES:

- Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

Estes son os gastos recollidos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior en este volven a incrementalo mediante a súa aplicación ao orzamento, polo que debe compensarse esta sobre imputación aumentando o superávit. Non obstante, parece razonable considerar que non incrementan o déficit aqueles gastos non imputados pero para os que se habilita crédito no orzamento de forma explícita ou específica.

Aplicando os axustes sinalados anteriormente, resulta que a necesidade de financiamento real do Concello ascende a +223.886,57 €, segundo se desprende do cadro seguinte:

Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	2.700.760,16
Axuste Ingresos Fiscais	-16.359,77
Axuste devolución PTE 2008	
Axuste devolución PTE 2009	
Axuste Transferencias corrientes y capital	
Dereitos Recoñecidos Netos SEC95 (cap. 1 a 7)	2.684.400,39
Obrigas Recoñecidas Netas (cap. 1 a 7)	2.460.513,82
Axustes	
Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	2.460.513,82
Capacidade-necesidade de financiacion SEC95	223.886,57

Segundo se aprecia nos cadros anteriores, a diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiamento.

CUMPIMENTO DA REGLA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira exige tamén ás Entidades Locais que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais se cumple a Regla del Gasto si a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia do crecemento do Producto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española,



modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, el 21 de xullo de 2012, o Goberno elevou ás Cortes, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,8% do PIB) para o período 2013-2015, a regra de gasto para os orzamentos do 2013, 2014 y 2015.

Os acordos citados foron aprobados polo Congreso o 24 de xullo de 2012 e polo Senado o 26 de xullo de 2012.

Por outra banda, a Orde Ministerial que desenvolve as obrigas de subministro de información, establece respecto ao cumprimento da regra de gasto, dous tipos de informe que farían referencia á fase de aprobación do orzamento:

a) Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento aprobado. (Art. 15.2 c) Orden HAP/2105/2012).

b) Informe de Intervención antes do 1 de outubro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coas liñas fundamentais do orzamento do ano seguinte. (Art. 15.3 d) Orden HAP/2105/2012).

Pero tamén en relación coa liquidación a Orde Ministerial que desenvolve as obrigas de subministro de información, establece respecto ao cumprimento da regra de gasto, outros dous tipos de informe que farían referencia á fase de liquidación do orzamento:

a) Informe de Intervención antes do 31 de marzo do ano seguinte ao que vaian referidas as liquidacións, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento liquidado. (Art. 15.3 e) Orden HAP/2105/2012).

b) Informe de Intervención antes do 31 de outubro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coas contas anuais aprobadas. (Art. 15.3 d) Orden HAP/2105/2012).

Aparece con data 28 de decembro de 2012 na súa páxina web, a Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para Corporacións Locais, 1ª edición, realizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), o que provocou un cambio de criterio respecto do manexado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras nos cursos e xornadas celebradas dende a entrada en vigor da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria que tomaba como gasto computables os créditos iniciais do orzamento do ano 2012 para o cálculo do cumprimento da regra de gasto do orzamento inicialmente aprobado do ano 2013.

Isto ten provocado que se teña fixado un límite de gasto non financeiro e o Orzamento para o ano 2013 sen considerar o criterio da IGAE que por outro lado, non ten previsto un sistema transitorio de aplicación do mesmo e que ante as previsibles consecuencias que se poden derivar de aplicarse de xeito estricto como pode ser limitación ao orzamento de 2013 de xeito que non cubra nin os gastos necesarios comprometidos xa, ademais de primar o gasto en lugar da austerdade para consolidar maior capacidade de gasto futura, debería de provocar modificacións na súa aplicación.

De feito esta Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, organiza a estabilidade orzamentaria e sostentibilidade financeira para Corporacións Locais elaborada pola IGAE é modificada na súa segunda edición colgada na súa páxina web con data 12 de marzo de 2013, incluíndo unha nova denominación aos axustes por inexecución ou máis exactamente axustes por grao de execución do gasto que poden afectar tanto á avaliación da estabilidade orzamentaria como xa se indicou neste mesmo informe como na determinación da regra de gasto.

Cálculo do gasto computable

Se establece no apartado 2 do artigo 12 cómo se determina o volume de gasto computable.

Se entenderá por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Consideracións

Na obtención do gasto computable da entidade nun exercicio, se terá en conta o seguinte:

Si a Entidade está sometida a Orzamento Limitativo/Contabilidade Pública, o Gasto computable se calcula como:

(+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.

Se parte da liquidación no exercicio 2013.



Do Capítulo 3 de gastos financeiros únicamente se agregarán os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avales. Subconceptos (301,311,321,331 y 357)

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros según o SEC

Para a determinación dos axustes e o seu importe, se ten que considerar o punto 1, "Cálculo dos empregos non financeiros excluídos intereses para unidades sometidas a un Plan Xeral de Contabilidade Pública", da "Guía para a determinación da Regla do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para Corporacións Locais".

(-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.

Para a determinación deste importe, se ten que considerar o punto 3, "Consolidación de transferencias", da "Guía para a determinación da Regla do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para Corporacións Locais".

(-) La parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas procedentes de: Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e outras Administracións Públicas.

(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento

Sobre o importe resultante se aplicará a taxa de referencia de crecemento do PIB para 2014 que é do 1,5%.


No artigo 12.4 se establece que cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obténan os aumentos de recadación poderá aumentar na cuantía equivalente.

Límite de Gasto Non Financeiro para o exercicio 2014.

Finalmente sobre a base do Gasto Computable máximo para o exercicio 2014, deben engadirse os intereses de endebedamento e os gastos financiados con transferencias finalistas previstos doutras administracións públicas, para determinar o Límite de Gasto Non Financeiro para o exercicio 2014.

INFORMACIÓN PARA A APLICACIÓN DA REGLA DE GASTO (F.1.1.B2)

	Liquidación año 2013	Liquidación año 2014
CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12) Ley Orgánica 2/2012)		
A) EMPLEOS NO FINANCIEROS (SUMA DE CAPÍTULOS 1 A 7)	2.106.059,61	2.454.444,96
Intereses de la deuda		
B) EMPLEOS NO FINANCIEROS (excepto intereses de la deuda)		
Enaxenación.	-417.466,04	
Inversións realizadas por conta da Corporación Local.		
Inversións realizadas pola Corporación Local por conta de outras AAPP.		
Execución de Avales.		
Aportacións de capital.		
Asunción e cancelación de débedas.	+495.100,46	
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó presupuesto.		
Pagos a socios privados no marco de Asociacións público privadas.		
Adquisicións con pago aprazado.		
Arrendamento financeiro.		
Préstamos fallidos.		
Mecanismo extraordinario de pago provedores RD 4/2012.		
Grado de ejecución do Gasto		
Axustes Consolidación presupuestaria		
Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	-657.547,93	-811.289,20



D) GASTO COMPUTABLE	1.526.146,10	1.643.155,76
----------------------------	---------------------	---------------------

Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)	21.708,87
Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)	
Investimento financeiramente sostenible	21.418,66
E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO año n = G³ computable +/- Aumento/reducción permanente recaudación	

Tasa de referencia crecimiento PIB m/p	1,50%
	1.077.242,88

Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP 2013: -657.547,93

- CA: -558.197,20
- Deputación Provincial: -99.350,73

Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP 2014: -811.289,20

- CA: -526.624,84
- Deputación Provincial: -284.664,36

Investimentos financeiramente sostenibles

- 422.623,01 Tanque de tormentas, 8.509,98
- 161.621,01 Adquisición de parcela para depósito de almacenamiento de augas, 12.908,69

INFORME DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO (F.3.3)

ENTIDAD E	Gasto Computable Liq. 2013. (1)	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto Computable Liquidación 2014. (5)
		(2)= (1)*(1+TRCPI B)	Aumentos /Diminuci óns (art 12.4) Pto 2014 (3)	Gastos investimentos financierament e sostenibles	Límite da regra gasto (4)=(2)+(3)	
TOTAL DE GASTO COMPUTABLE EXERCICIO	1.526.146,10	1.549.038,29	21.708,87	21.418,66	1.570.747,16	1.621.737,10

Diferencia entre o Límite da regra de gasto e o Gasto Computable Pto 2014. (5)-(4) = -50.989,94


% do incremento gasto computable 2014 s/ 2013 (6)=(5)-(1)/(1)= 6,26 %

CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

Á vista da liquidación do orzamento 2014, se informa **desfavorablemente** o cumprimento da Regra de Gasto.

Indicar non obstante que o presente incumprimento ven dado por un erro no expediente de créditos extraordinarios con cargo a remanente de tesourería, expediente nº 03/2014. Nese expediente se recollían como créditos a finanziar con RTGX con consideración de investimentos financeiramente sostenibles os seguintes:

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
150 610 04	Acondicionamiento acceso a Magdalena e recollida de pluviais	20.000,00
150 610 05	Mellora entorno acceso iglesia parroquial de Forcarei e rúa Secundino Cortizo	54.000,00
161 621 01	Adquisición de parcela en Forcarei para depósito abastecemento augas	13.000,00



165	610	01	Renovación do alumado público exterior en diversas zonas (Sanguñedo, Ventoxo, Berrozo, Acebedo e Vilariño)	10.000,00
320	632	01	Acondicionamiento centros educativos de Forcarei	3.000,00
450	610	01	Acceso ao cemiterio de Soutelo de Montes (Magdalena)	31.000,00
920	632	01	mellora e acondicionamento casa consistorial	12.000,00
TOTAL INVERSIONS				143.000

Na modificación de crédito 07/2014 recolleuse tamén na partida 422 623.01 a cantidad de 8.509,98 € con cargo a RTGX e como investimento financeiramente sostible.

Do exposto destacaase que na modificación 03/2014 hai gastos que como tales serían financeiramente sostibles, segundo o establecido na DA6ª da LO 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade finaceira, xa que logo cumplen co establecido na lexislación para considerarse como tales, pero que aparecen contabilizados en aplicacións orzamentarias, e en concreto en grupos de programas que non se corresponden cos establecidos na DA 16ª da LRFL.

Concretamente solo aparecen incluídas na DA 16ª a aplicación 422.623.01 (MC 07/2014) e a aplicación 161.621,01(MC 03/2014). Non obstante esta Secretaría Intervención considera que as restantes obras para as cales se realizou a modificación si que terían cabida no concepto de investimento financeiramente sostible, si fisen realizadas e contabilizadas no grupo de programa correspondente. Por riba, e a expensas de poder estudar o contido dos investimentos, se considera que o cadro de modificación debería ser o seguinte:

PARTIDA			DESCRIPCIÓN	IMPORTE
453	610	04	Acondicionamiento acceso a Magdalena e recollida de pluviais	20.000,00
155	610	05	Mellora entorno acceso iglesia parroquial de Forcarei e rúa Secundino Cortizo	54.000,00
161	621	01	Adquisición de parcela en Forcarei para depósito abastecemento augas	13.000,00
165	610	01	Renovación do alumado público exterior en diversas zonas (Sanguñedo, Ventoxo, Berrozo, Acebedo e Vilariño)	10.000,00
933	632	01	Acondicionamiento centros educativos de Forcarei	3.000,00
453	610	01	Acceso ao cemiterio de Soutelo de Montes (Magdalena)	31.000,00
933	632	01	mellora e acondicionamento casa consistorial	12.000,00
TOTAL INVERSIONS				143.000

Co cal se conclúe que este concello cumpliría ca regra do gasto, xa que logo, ó introducir os datos de gasto realmente executado con cargo ó RTGX quedaría o seguinte:

PARTIDA			DESCRIPCIÓN	IMPORTE
453	610	04	Acondicionamiento acceso a Magdalena e recollida de pluviais	20.000,00
155	610	05	Mellora entorno acceso iglesia parroquial de Forcarei e rúa Secundino Cortizo	53.999,90
161	621	01	Adquisición de parcela en Forcarei para depósito abastecemento augas	12.908,69
165	610	01	Renovación do alumado público exterior en diversas zonas (Sanguñedo, Ventoxo, Berrozo, Acebedo e Vilariño)	00,00
933	632	01	Acondicionamiento centros educativos de Forcarei	1.590,02
453	610	01	Acceso ao cemiterio de Soutelo de Montes (Magdalena)	29.482,06
933	632	01	mellora e acondicionamento casa consistorial	6.176,83
422	623	01	Tanque de tormentas	8.509,98
TOTAL INVERSIONS				125.647,11

Estos últimos datos, 125.647,11 €, foron os realmente executados con cargo a esas modificacóns, e introducidos nas execucións trimestrais 4ºT 2014, informe que se tomou para realizar a liquidación 2014. Na mesma constaba logo que se cumplía ca regra do gasto en base a esas premisas.

ENTIDAD E	Gasto Computable Liq. 2013.	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto Computable Liquidación 2014.
		(2)= (1)*(1+TRCPI)	Aumentos /Diminuci óns (art	Gastos investimentos financieramente	Límite regla da de gasto	

	(1)	B)	12.4) Pto 2014 (3)	e sostenibles	(4)=(2)+(3)	(5)
TOTAL DE GASTO COMPUT ABLE EXERCICI O	1.526.146,10	1.549.038,29	21.708,87	125.647,11	1.570.747,16	1.517.508,65

Diferencia entre o Límite da regra de gasto e o Gasto Computable Pto 2014. (5)-(4)= 53.238,51

% do incremento gasto computable 2014 s/ 2013 (6)=(5)-(1)/(1)=-0,57

Polo mesmos motivos informase que o expediente de MC 3/2015, aprobado por pleno de 6 de marzo de 2015, non se pode levar á práctica como investimento financeiramente sostenible, xa que logo recolle os mesmos errores contables que o do 2014. Farase informe aparte para proceder á súa corrección e levala ó pleno.

7. CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEPSF (art. 13) establece a obligación de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,8% del PIB para os exercicios 2013, 2014 e 2015.

O Concello de Forcarei NON ten débeda pendente.

8. CONCLUSIONS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DO GASTO E NIVEL DE DÉBEDA.

A liquidación do Orzamento da entidade local para o exercicio 2014, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, pero NON CUMPRE co obxectivo da regra de gasto, polos motivos expostos. Considerase que o incumprimento débese a un erro na nomenclatura e contabilización dos investimentos financeiramente sostenibles. Procede elevar este informe ó pleno para a aprobación dun PEF, que deberá ter o contido determinado pola lei.

En virtude do establecido no artigo 16.2 Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, o Concello de Forcarei debe remitir o informe á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerce a tutela financeira no prazo de 15 días, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno.

Si se aprobara o orzamento da Entidade con incumprimento do obxectivo da regra de gasto, deberá aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro (art. 21 LOEPSF) co contido e na forma que establecen os artigos 19 a 21 do citado regulamento, no prazo máximo de tres meses.

O citado artigo 21 dispón que:

1. No caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita o ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

2. O plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.

b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

c) A descripción, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas presupuestarias ou rexistros extrapresupuestarios nos que se contabilizarán.

d) As previsións das variables económicas e presupuestarias das que parte o plan, así como os orzamentos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

3. No caso de estar incursos nun Procedemento de Déficit Excesivo da Unión Europea ou doutros mecanismos de supervisión europeos, o plan deberá incluir calquera outra información adicional esixida.



O plan económico-financeiro debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento. No prazo do mes non se computará o tempo transcurrido entre a solicitude e a emisión de informe da Autoridade independente de Responsabilidade Fiscal.

O Pleno dispón de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación. A súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

Responsabilidades por incumprimento

O artigo 25 LOEPSF dispón que:

1. No caso de falla de presentación, de falla de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, a Administración Pública responsable deberá:

a) Aprobar no prazo de 15 días dende que se produza o incumprimento a **non disponibilidade de créditos que garantía o cumprimento do obxectivo establecido**. Asemade, cando resulte necesario para dar cumprimento aos compromisos de consolidación fiscal coa Unión Europea, e en consonancia co artigo 19 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro (LA LEY 1790/1980), de Financiamento das Comunidades Autónomas, as competencias normativas que se atribúan ás Comunidades Autónomas en relación cos tributos cedidos pasarán a ser exercidas polo Estado.

b) **Constituir un depósito con intereses no Banco de España equivalente ao 0,2 por cento do seu Producto Interior Bruto nominal**. O depósito será cancelado no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.

Si no prazo de 3 meses dende a constitución do depósito non se tivera presentado ou aprobado o plan, ou non se tiveran aplicado as medidas, o depósito non devengará intereses. Si transcorrido un novo prazo de 3 meses persistira o incumprimento poderá acordar que o depósito se converterá en multa coercitiva.

2. De non adoptarse as medidas previstas no apartado a) do número anterior ou no caso de resultar estas insuficientes o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de expertos para valorar a situación económico-oxamentaria da administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información o antecedente respecto ás partidas de ingresos ou gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións se farán públicas nunha semana. As medidas propostas serán de obligado cumprimento para a administración incumpridora.

Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta Lei ata que as devanditas medidas fóran implementadas.

Pola súa parte o artigo 26.2 da mesma lei dispón que:

No suposto de que unha Corporación Local non adoptase o acordo de non disponibilidade de créditos ou non constituise o depósito previsto no artigo 25.1.b) ou as medidas propostas pola comisión de expertos prevista no artigo 25.2, o Goberno, ou no seu caso a Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira, requirirá ao Presidente da Corporación Local para que proceda a adoptar, no prazo indicado ao efecto, a adopción dun acordo de non disponibilidade, a constitución do depósito obrigatorio establecido no artigo 25.1.b), ou a execución das medidas propostas pola comisión de expertos. No caso de non atenderse o requerimento, o Goberno, ou no seu caso a Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira, adoptará as medidas necesarias para obrigar á Corporación Local ao cumprimento forzoso das medidas contidas no requerimento.

No caso de que a Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira non adoptase as medidas contempladas neste apartado, o Goberno requirirá o seu cumprimento polo procedemento contemplado no apartado 1.

3. A persistencia no incumprimento dalgunha das obrigas a que se refire o apartado anterior, cando supoña un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, poderá considerarse como xestión gravemente danosa para os intereses xerais, e poderá procederse á **disolución dos órganos da Corporación Local incumpridora**, de conformidade co previsto no artigo 61 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Debe darse conta ao Pleno do contido deste informe en cumprimento do previsto no artigo 16 do RD 1463/2007."

Dña Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, pregunta si a Secretaría pode explicar o informe. Concedida a palabra pola Alcaldía, a Secretaría Interventora que subscribe, explica que ca finalidade de cumplir ca obriga de envío da liquidación do orzamento ó estado, detectouse que no punto referente ós investimentos financeiramente sostibles, os datos non podían ser introducidos na plataforma de envío, xa que os grupos de programas cos que estaban aprobadas na modificación de crédito correspondente non se correspondían cos que a DA 16ª da Lei de Facendas Locais indica como grupos de programa nos que



terán reflexo os investimentos financeiramente sostibles; no envío do 4º trimestre de execución do orzamento 2014, si que a plataforma permitiu introducir eses datos, polo que non se detectou o erro ata o agora. Ese erro implica que si ben no envío do 4º trimestre se cumpria ca estabilidade orzamentaria e ca regra do gasto, e así se considerou cando se aprobou a liquidación do orzamento, no envío da liquidación cúmprese a estabilidade orzamentaria e non se cumple ca regra do gasto. Nestes momentos, ca liquidación do orzamento do 2014 aprobada e dada conta ó pleno, e tendo en conta que a plataforma de envío de datos da liquidación pechaba o 22 de maio, introducíronse os datos tal e como consta no informe, indicándose a necesidade de realizar un plan económico financeiro, que deberá ser aprobado polo pleno.

Dna. Ana Isabel Doval sinala que o concello se vai ver obrigado a facilitar información trimestral adicional ó estado, e que é como o plan de axuste.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG pregunta por aplicacións orzamentarias concretas dentro do informe de secretaría. Os concelleiros entran nun debate sobre os gastos das diferentes aplicacións orzamentarias e os gastos que inclúen. A Sra. Alcladesa da por rematado o debate.

Dna. María Abilleria Pomar, concelleira de F.F, quere que conste en acta que acaban de decir que os plenos poden duran dúas horas ou máis para que participen os concelleiros da oposición e estean correctamente informados e que concluír así o debate lle parece unha incongruencia total.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, co que se dá por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, comigo Secretaria, de todo o cal eu, dou fe.

